

CURSO DE GUITARRA

con

EDER FRANCISCO e

ROSIMARY PARRA

16 e 17 de Xaneiro 2019

CMUS “Manuel Quiroga” de
Pontevedra



O dúo de guitarras Rosimary Parra e Eder Francisco foi formado en 2007, a partir dun interese común pola traxectoria da guitarra na cultura musical brasileira. Nesta temática teñen realizado varios proxectos individuais, con investigacións sobre a construción do repertorio guitarrístico brasileiro na primeira metade do século vinte, dende a súa función como instrumento acompañante no ambiente de saraos e serestas, ata a formación do repertorio solista e de música de cámara. Os seus integrantes teñen, así mesmo, unha vasta experiencia na interpretación do repertorio solista e camerístico para guitarra.

Nos seus recitais, o dúo interpreta composicións orixinais e/ou transcripcións para esta formación con obras de diversas épocas, estilos e nacionalidades. Dende a súa formación, o dúo actuou en diversas programacións, entre as cales o Ars Viva Festival de Inverno de Serra Negra (SP), Série Violões na Catedral – Catedral Evangélica de SP, Terças Musicais do Theatro São Pedro (SP) e de unidades do SESC.

CONTIDOS DO CURSO

- Orientación técnica e interpretativa
- Masterclass sobre violão brasileiro: compositores, repertorio, xéneros, ritmos, estilos e principais influencias que marcan a traxectoria da música para guitarra en Brasil

MATRÍCULA

O curso está aberto a todos os niveis. Aceptaranse alumnos tanto activos como oíntes. O número de prazas activas será limitado e as solicitudes serán admitidas por orde de inscrición. Para os alumnos oíntes non haberá prazas limitadas. Cada alumno activo terá dereito a unha clase individual de unha hora, e tanto os activos como os oíntes poderán asistir como oíntes a todas as clases.

DATAS E HORARIOS

O curso celebrarase o 16 e 17 de Xaneiro, en horario de 16:00 a 22:00.

PREZO

Alumnos activos: 40€

Alumnos oíntes: 20€

Os socios da ANPA do CMUS Manuel Quiroga terán un desconto.

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

Apelidos.
Nome
DNI
Data de nacemento
Rúa. n.º ...
Cidade CP
Provincia
Teléfono E-mail
Repertorio do curso
.....

O pago efectuarase mediante ingreso á conta da ANPA do conservatorio IBAN: ES31 2100 2428 5202 0019 5330

O prazo de inscrición finaliza o **12 de Decembro**. Unha vez efectuado o pago deberáse entregar este boletín de inscrición cuberto e unha copia de ter realizado o ingreso da matrícula na conserxería do centro.

Para máis información, ou calqueira dúbida, contactar no correo electrónico guitarramquiroga@gmail.com



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

